

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA O PROXECTO DE EXECUCIÓN DE ÁREA DEPORTIVA DO TALASO "O TERRÓN"

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Vilanova de Arousa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vilanova de Arousa para o proxecto de execución de área deportiva do talaso "O Terrón".

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



**Segundo.-** O 28 de outubro de 2025 o Concello de Vilanova de Arousa asinou coa Deputación Provincial de Pontevedra o *CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA "ÁREA DEPORTIVA DO TALASO DE O TERRÓN", NO MARCO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA - PLAN EXTRA*, polo que a Deputación Provincial de Pontevedra financiará a dita actuación cunha achega de 900.000,00 €.

O Concello de Vilanova de Arousa pretende acometer o proxecto de execución de área deportiva do talaso "O Terrón".

O conxunto proxectado relativo á edificación forma parte dunha segunda fase que completa os vasos de piscina proxectados nunha primeira fase; concretamente a piscina de recreo.

O proxecto contempla o equipamento no que se desenvolve unha sala multiusos, almacén, unha zona de vestiarios, recepción, enfermería, un vaso de piscina infantil e un cuarto de instalacións que se materializa nun semisoto anexo que ata agora utiliza o campo de fútbol como almacén.

A parcela encóntrase situada no lugar do Terrón, no termo municipal de Vilanova de Arousa, moi próxima á praia do mesmo nome. Parte da superficie encóntrase dentro da zona delimitada como Dominio Público Marítimo Terrestre, se ben a nova edificación situarase na zona que se encontra fóra desa clasificación.

O solar obxecto do proxecto está integrado por un conxunto de parcelas de propiedade municipal que forman parte dun Plan Especial de Infraestrutura e Dotacións (PEID). Nos terreos que comprenden o PEID existe un campo de fútbol de herba sintética, que na actualidade conta cunha zona de gradas e unha edificación anexa destinada a vestiarios e almacén.

Na zona de acceso existe un parking que da servizo ás instalacións deportivas ó aire libre.

A zona delimitada polo Plan alcanza unha superficie aproximada de 35.822 m<sup>2</sup>, que xunto a outras parcelas de propiedade particular suman un total de 45.395 m<sup>2</sup>.

**Terceiro.-** O edificio proxectado é un equipamento dotacional para ocio, desenvolvemento e promoción de actividades saudables, que se conforma cun modelo de



organización e un programa flexible, permeable, aberto á participación e relacionada coa saúde, vinculada á auga do mar.

O edificio desenvólvese en planta baixa, e ocupa o semisoto da edificación anexa existente, que actualmente se usa de almacén do campo de fútbol.

### **PLANTA SEMISOTO ANEXO**

Alberga os locais técnicos, almacéns e instalacións necesarias para o funcionamento do conxunto. Accédese á dita planta mediante un núcleo de escaleiras desde as instalacións do campo de fútbol, ou mediante unha rampla desde o exterior.

### **PLANTA BAIXA**

A planta baixa está situada a nivel da rasante do terreo e accédese mediante un vestíbulo previo.

Desenvólvese o programa desta planta a través dun vestíbulo xeral que da acceso ós mostradores de recepción, e dous aseos xerais (un deles adaptado).

Os cerramentos maioritariamente acristalados en carpintería metálica alternan con panos cegos en cores neutras.

Volumetricamente o edificio configúrase nunha planta en forma de L, con cuberta plana con acabado de grixo. A súa composición responde a unha integración na paisaxe que o rodea, e o conxunto adáptase ás características da topografía e da contorna que o rodea.

As características tipolóxicas, estéticas, construtivas, materiais, cores e acabados son acordes coa paisaxe rural e coas construción do entorno.

**Quinto.-** A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 recolle dentro da *Misión 1. Galicia, destino auténtico e diferencial* a Medida estratéxica 1.6. *Turismo termal*.

### **Medida estratéxica 1.6 Turismo termal**

Con esta medida búscase a consolidación do termalismo como un elemento diferencial do turismo galego, que contribúe á construción dun destino singular e auténtico, baseado na cultura e nos recursos propios do territorio.



A análise do turismo galego identifica o termalismo como un dos recursos diferenciais cos que conta o territorio: con máis de 300 mananciais e numerosas iniciativas empresariais vencelladas, Galicia sitúase como un territorio referente en España no que gozar do turismo termal e de saúde.

Ademais, no proceso de diagnose identifícase un aumento do interese polo turismo de saúde e benestar, así como un progresivo incremento do público obxectivo dos balnearios e establecementos termais.

Entre as accións operativas sinaladas nesta medida está a da definición e desenvolvemento dunha estratexia de reposicionamento do termalismo, buscando captar e ampliar público obxectivo do turismo termal. Esta estratexia situará os establecementos termais como unha alternativa vacacional atractiva, diferente e de calidade. Asemade, búscase mellorar o coñecemento que ten a poboación galega sobre a riqueza termal do territorio co fin de potenciar o turismo interno e de proximidade, especialmente fóra da tempada alta.

A Xunta de Galicia entende que é de interese público colaborar para a execución do obxecto antes descrito. Estas melloras inciden na promoción e potenciación do turismo en Galicia, non sendo posible promover a concorrencia, por ser o concello a entidade impulsora da actuación. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio así como o seu carácter excepcional, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o Concello de Vilanova de Arousa, a entidade propietaria e impulsora da actuación, a única entidade competente para realizar as actuacións obxecto do presente convenio. Así mesmo este investimento dinamizará a vida social, cultural e comercial do municipio, á vez que achegará valor engadido á trama e paisaxe urbanas e, en consecuencia, ás futuras estratexias de promoción turística da vila dadas as súas características funcionais, estéticas e de situación.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Vilanova de Arousa unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

